



MODIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE FIXANDO AS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNES ESPECIAIS

Ditado decreto de delegacións do alcalde con data 15 de xuño de 2019 onde se establecen as áreas de goberno, concelleiros responsables e delegacións especiais, por mor de facilitar a actividade administrativa, con motivo da renuncia ao cargo de concelleira de Paloma Castro Rey por acordo do Pleno deste Concello de 18.08.2020, e a toma de posesión do concelleiro Marcos Rey Pazos por acordo plenario de 21.09.2020, faise necesario facer os seguintes cambios:

- Na Área de Educación, Deportes, Actividades Física e Saúde modifícanse as delegacións de competencias sobre Servizos Sociais, Servizo de drogodependencias, Unidade de Día, prevención e inserción e Sanidade animal, Canceira e animais abandonados.

Vistos os artigos 124 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 613 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de Entidades Locais, así como os artigos 8 e ss e 26 e ss do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra relativos ó réxime xurídico das delegacións, fixación das áreas de goberno, concelleiros de goberno e delegados, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos, DECRETA:

Primeiro.- Modificar as competencias delegadas na Área de Educación, Deportes, Actividades Física e Saúde, sendo o/a seu/súa concelleiro/a de goberno responsable da área ou servizo e o ámbito funcional o seguinte:

AREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Concelleiro responsable: Agustín Fernández González

Ámbito funcional:

- a) Xestión das competencias municipais en educación en todos os niveis obrigatorios e post-obrigatorios
- b) Xestión de programas e actividades nos centros educativos
- c) Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas e novas instalacións
- d) Eventos deportivos ata o ámbito galego

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Concelleiroa delegado: Marcos Rey Pazos, a quen se lle atribúe esta delegación que implicará unha dedicación, como mínimo, de 40 horas á semana.

Ámbito funcional:

- a) Servizos Sociais
- b) Servizo de drogodependencias, Unidade de Día, prevención e inserción
- c) Sanidade animal
- d) Canceira e animais abandonados

Segundo.- As delegacións sinaladas no apartado anterior rexeranse polas condicións establecidas no decreto do alcalde de 15/06/2019 fixando as áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais.



Terceiro.- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, aos señores concelleiros e directores xerais interesados, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

Así o decreta e ordena o Alcalde, na data que consta na sinatura electrónica dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

